

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 19 de xuño de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para proxectos de enerxías renovables térmicas, para os anos 2020-2021, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (código de procedemento IN421G).

Advertidos erros na dita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 129, do 1 de xullo de 2020, compre facer a seguinte corrección:

Na páxina 26004, onde di: «Artigo 7.1.a) Bombas de calor.

(...).Tomaranse como temperaturas de referencia para o cálculo do COP e da potencia 0/35 °C para bombas de calor xeotérmicas e 7/35 °C para aerotermia. Por tanto, para xustificar esta condición, deberá achegarse a documentación xustificativa do ensaio para a obtención do COP»; debe dicir: «Artigo 7.1.a) Bombas de calor.

(...).Tomaranse como temperaturas de referencia para o cálculo do COP e da potencia 0/35 °C para bombas de calor xeotérmicas e 7/35 °C para aerotermia en bombas de calor aire/auga. Por tanto, para xustificar esta condición, deberá achegarse a documentación xustificativa do ensaio para a obtención do COP».

Na páxina 26011, onde di: «Artigo 10.1.a).6°. No caso de xeotermia, aerotermia e solar térmica os certificados de rendemento dos sistemas xeradores coas seguintes especificacións:

(...) Tomaranse como temperaturas de referencia para o cálculo do COP e da potencia 0/35 °C para bombas de calor xeotérmicas e 7/35 °C para aerotermia», debe dicir: «Artigo 10.1.a).6°. No caso de xeotermia, aerotermia e solar térmica, os certificados de rendemento dos sistemas xeradores coas seguintes especificacións:

(...) Tomaranse como temperaturas de referencia para o cálculo do COP e da potencia 0/35 °C para bombas de calor xeotérmicas e 7/35 °C para aerotermia en bombas de calor aire/auga».

